




PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE RIANXO

DOCUMENTO DE APROBACIÓN INICIAL

MAIO 2014



CATÁLOGO



OFICINA
DE
PLANEAMIENTO S.A.



Oficina de Planeamiento, S. A.
Juan Flórez, 106, 19º A-D
15005 A Coruña (España)

opsa @ odepsa.com
telf (34) 981 272 151
fax (34) 981 145 629

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE RIANXO

CATÁLOGO.

DOCUMENTO DE APROBACIÓN INICIAL.

MAIO 2014



Oficina de Planeamiento, S. A.
Juan Flórez, 106, 19º A-D
15005 A Coruña (España)

opsa @ odepsa.com
telf (34) 981 272 151
fax (34) 981 145 629

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE RIANXO

DOCUMENTO DE APROBACIÓN INICIAL.

MAIO 2014

EQUIPO REDACTOR

Dirección e coordinación:

Ánxel Viña Carregal. Economista.
Alfonso Díaz Revilla. Arquitecto.
Mª Dolores Gómez Míguez. Arquitecta.

Equipo técnico:

Alfonso Díaz Revilla. Arquitecto-Urbanista.
José Díaz Sotelo. Arquitecto-Urbanista.
Mª Mar García García. Arquitecta-Urbanista.
Mª Dolores Gómez Míguez. Arquitecta-Urbanista.
María Viña Segura. Arquitecta.
Ánxel Viña Carregal. Economista.
María Calvo Llano. Arquitecta.
Estela Freire Pérez. Arquitecta.
Miguel Díaz Varela. Biólogo.
Manuel-Anxo López-Felpeto Gómez. Arqueólogo.

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE RIANXO

CATÁLOGO.

DOCUMENTO DE APROBACIÓN INICIAL.

MAIO 2014

ÍNDICE

PÁX.

0.	INTRODUCCIÓN	1
1.	CATÁLOGO DE BENS CULTURAIS, NATURAIS E PAISAXÍSTICOS	3
1.1.	ELEMENTOS DE INTERESE CULTURAL, NATURAL OU PAISAXÍSTICO	3
2.	FICHEIRO CATÁLOGO	23

0. INTRODUCCIÓN

O presente Catálogo cumprimenta as determinacións establecidas na Lei 9/2002 de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia en relación ás medidas de protección necesarias para a conservación e recuperación dos elementos con valor cultural ou natural.

Asemade, cumpriméntanse as disposicións contidas na lei 8/1995 do Patrimonio Cultural de Galicia e a Lei 16/1985 de Patrimonio Histórico Español.

A tal efecto, sobre a base da documentación aportada pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia, no presente Plan Xeral afóndase tanto nos seus aspectos cualitativos como cuantitativos.

Cualitativos en tanto, tralos específicos traballos de campo, incorpóranse fotos recentes e depúranse os ámbitos de protección.

Cuantitativo en canto se amplía o número de elementos.

No que atinxe ao patrimonio arqueolóxico, incorpórase o resultado da prospección arqueolóxica realizada, completada cos elementos localizados con posterioridade, contemplando no Plan Xeral medidas tendentes a asegurar o equilibrio entre a preservación e a posta en valor de ditos bens do Patrimonio Cultural.

O presente Catálogo ten o carácter de documento aberto a novas incorporacións resultantes de análises suficientemente documentadas no marco de traballos dunha menor escala territorial. Neste sentido o Catálogo non incorpora unha pormenorización de elementos no ámbito do Plan Especial de Protección e Reforma interior do Casco Histórico da Vila e outros Plans Especiais, que incorporarán unha catalogación máis polo miúdo.

Estes elementos incorporaranse ao Catálogo do Plan Xeral tras a aprobación definitiva dos Plans Especiais e estarán suxeitos ao disposto na normativa xenérica do Plan Xeral e ás particulares medidas de cautela establecidas no seu documento.

A estes engadiranse os elementos que resulten de posteriores aprobacións definitivas dos demais planeamentos de desenvolvemento previstos no Plan.

1. CATÁLOGO DE BENS CULTURAIS, NATURAIS E PAISAXÍSTICOS

1.1. ELEMENTOS DE INTERESE CULTURAL, NATURAL OU PAISAXÍSTICO

Bens naturais e paisaxísticos

Rianxo posúe un patrimonio natural de excepcional calidade. Á súa franxa costeira e ao seu bo sistema hídrico, engádese o fondo que configuran as ladeiras sur da Serra do Barbanza. O sistema fluvial Ulla-Deza pertence á Rede Natura 2000.

A paisaxe en Rianxo está fortemente influenciada por esta situación a cabalo entre o mar e o monte, marcando o territorio factores como a costa, praias e ría, o val do río Té, e os montes máis altos, integrándose os restantes elementos nesta distribución.

O territorio municipal sitúase no fondo da Ría de Arousa, na súa marxe dereita, constituíndo unha zona de transición entre a Serra do Barbanza e o val de Quintáns e o esteiro do Río Ulla, e está percorrido polas estribacións dos Montes de Quintáns que alcanzan zonas moi próximas á costa.

En canto á rede fluvial, esta dá lugar a unha sucesión de vales entre os que destaca o do río Te, principal vertebrador do territorio municipal.

Catalógase a continuidade e a totalidade do sistema hídrico e montañoso e o conxunto dos ecosistemas a eles asociados coa súa riqueza e biodiversidade; as masas de caducifolia como espazos de interese forestal e as vexetacións de ribeira (arboredo e vexetación baixa), conformado polas áreas de val vencelladas aos leitos dos ríos e regos e os seus afluentes, delimitadas como tales na Información Urbanística.

N.1. SERRA DA BARBANZA.

Inclúe os seguintes espazos sobresaíntes por zona:

Zona Norte (O Araño e Taragoña)

- N.1.1. Monte Muralla (676 m) - Chan do Rego - Monte Freire (Montes do Treito)
Monte da Cancela (607 m)
- N.1.2. Outeiro da Corneta (529m)
- N.1.3. Cotón (488 m)
- N.1.4. Cabeza Grande (259m)
- N.1.5. Monte do Coto (319 m) - Rechán do Campo - Alto do Salto
- N.1.6. Pedra Carballada (219m)
- N.1.7. Outeiro Cerqueiro (308 m) Monte de Araño

N.1.8. Pedra dos Ventos - Castro Barbudo - Coto de Matavella

Zona Centro (Asados)

N.1.10. Monte Lioira (275 m) - A Pelotiña (218m)

N.1.11. O Castro - Castro de Bexo (215 m)

N.1.12. Monte Picoto (199 m)

Zona Sur (Leiro e Isorna)

N.1.13. Monte de Leiro (182 m)

N.1.14. Monte da Costa (192m) - Monte das Cercas (155 m)

N.1.15. Coto Agudo - Monte Palleiro (124 m)

N.1.16. Monte Ceán (93 m)

N.2. RÍA DE AROUSA (REDE NATURA 2000).

Inclúe o Humidal de Ponte Beluso.

N.3. SISTEMA FLUVIAL ULLA - DEZA (REDE NATURA 2000).

Inclúe o Humidal de Foz de Ulla.

N.4. RÍO TE.

N.5. PRAIAS.

O número de praias é baixo en relación ao desenvolvemento de costa do municipio. Presentan unha pendente moi tendida, a calidade da area é moi variable, e obsérvase abundancia de lodos, tanto na area como nos fondos próximos á costa, debidos á sedimentación da desembocadura das tres concas principais de Rianxo.

N.5.1. Praia de Trececrucés

N.5.2. Praia de Cunchas

N.5.3. Praia do Porrón

N.5.4. Praia de Tanxil

N.5.5. Praia de Pazo

N.5.6. Praia de Torre

N.5.7. Praia do Porto de Taragoña

N.6. PUNTAS

N.6.1. Punta de Iñobre

N.6.2. Punta Fincheira

N.6.3. Punta de Grenla

- N.6.4. Punta Seveira
- N.6.5. Punta Penanceira
- N.6.6. Punta Arnela

Bens de Patrimonio Cultural

O patrimonio cultural do Municipio de Rianxo caracterízase pola diversidade no tocante á súa natureza e tipoloxía e, pola existencia de elementos pertencentes ás diferentes épocas históricas que posibilitan a comprensión da evolución histórica e cultural do territorio. É especialmente rico en bens patrimoniais arquitectónicos e arqueolóxicos. Así existen no territorio do municipio de Rianxo castros, igrexas parroquiais, casas reitorais, pazos, outros elementos de arquitectura civil, conxuntos edificadas de arquitectura tradicional e elementos etnográficos de especial interese.

A Vila, ten a súa orixe no antigo poboamento situado no Castro de Rianxiño, nun emprazamento próximo á enseada costeira de Rianxo. Desta orixe, a Vila posúe, ademais do valor ambiental do castro, un patrimonio cultural de valor, conformado polo casarío que aos pés do castro conforma o seu núcleo histórico no contorno da Igrexa e a Torre dos Chariño (hoxe substituída polo Pazo de Martelo) e, doutro conxunto no contorno do peirao de Setefogas.

Dende o punto de vista patrimonial cabe destacar a existencia de dous bens de interese cultural, por unha banda o Pazo de Martelo, cunha declaración do 08.03.1973, e por outra a Casa Familiar de Afonso Daniel Rodríguez Castelao, con data de incoación do 24.07.2007. Igual consideración teñen os restos do Castelo da Lúa.

Xunto coa singularidade da trama histórica da Vila e os elementos patrimoniais con declaración individual, pola súa posición o conxunto do municipio posúe un importante patrimonio cultural, que no ámbito da Vila se completa co núcleo de Fincheira ademais do núcleo de Rianxiño.

No territorio rural a morfoloxía da meirande parte dos núcleos conserva o seu carácter compacto orixinario, manténdose as tipoloxías parcelarias e arquitectónicas tradicionais.

Xunto ás arquitecturas tradicionais, destaca no patrimonio cultural territorial a arquitectura relixiosa conformada polos conxuntos parroquiais de igrexas e cemiterios, capelas e os numerosos cruceiros asociados á súa estrutura camiñeira.

A presenza do sistema hídrico no territorio, tradúcese tamén nun conxunto rico de arquitecturas da auga: muíños, fontes, lavadoiros,...

A conservación dos bens patrimoniais semella ter sido bastante desigual, podéndose destacar que algúns presentan un estado bastante deteriorado existindo algunha intervención desafortunada.

A valoración deste rico patrimonio cultural constitúe un dos elementos básicos que debe perseguir o proxecto de ordenación urbanística, perfeccionando, estudando e ampliando -de ser o caso- o patrimonio catalogado na relación de inventario facilitada pola Dirección Xeral de Patrimonio.

1. DEPÓSITOS ARQUEOLÓXICOS E CASTROS: A actividade prehistórica do home foi, no municipio de Rianxo, igual que no resto da comarca, moi notable como o testemuñan os restos arqueolóxicos atopados.

Son numerosos os restos arqueolóxicos que aparecen identificados na prospección arqueolóxica realizada pola Administración Autonómica no ano 2001.

Relaciónanse a continuación os lugares de interese arqueolóxico, identificados na prospección:

GA 15072001	O Catriño / Castro do Araño
GA 15072002	O Catriño / Castro de Taragoña
GA 15072003	Mámoa do Monte Dorna
GA 15072004	Mámoa do Monte Picoto I
GA 15072005	Mámoas dos Campiños I
GA 15072006	Castro das Cercas
GA 15072007	Castro da Urela / Castro de Rianxiño
GA 15072008	Punta do Castro
GA 15072009	Mámoas dos Campiños II
GA 15072010	Mámoas da Vacariza I
GA 15072011	Mámoa de Piñeiro
GA 15072012	Mámoa de Somoza
GA 15072013	Mámoa do Monte da Pena I
GA 15072014	Mámoa de Mourelles
GA 15072015	Mámoa do Monte da Pena II
GA 15072016	O Castro / Castro de Foxacos
GA 15072017	Castro Barbudo
GA 15072018	Mámoa da Espiñeira / Do Corniño
GA 15072019	Petroglifo da Foa Vella
GA 15072020	Petroglifo de Os Mouchos
GA 15072021	Petroglifos de Sobrelodeiro (4)
GA 15072022	Petroglifo dos Campos I
GA 15072023	Petroglifo dos Campos II

GA 15072024	Petroglifo dos Campos III (2)
GA 15072025	Petroglifo dos Campos VI (6)
GA 15072026	Petroglifo dos Campos V (3)
GA 15072027	Petroglifo dos Campos VI (6)
GA 15072028	Petroglifo dos Campos VII (4)
GA 15072029	Petroglifo da Devesa de Rianxiño
GA 15072030	Petroglifo dos Campos VIII (2)
GA 15072031	Petroglifo dos Campos IX (2)
GA 15072032	Petroglifo dos Campos X
GA 15072033	Petroglifo dos Campos XI
GA 15072034	Petroglifo dos Campos XII
GA 15072035	Petroglifo de Brión I
GA 15072036	Petroglifo de Brión II (12)
GA 15072037	Petroglifo de Brión III (2)
GA 15072038	Petroglifo de Frexó
GA 15072039	Petroglifo de Abuín
GA 15072040	Petroglifo de Abuín II
GA 15072041	Petroglifo de Abuín III
GA 15072042	Petroglifo de Rial
GA 15072043	Petroglifo da Insua
GA 15072044	Petroglifo do Monte Pelotiña I
GA 15072045	Petroglifo do Monte Pelotiña II
GA 15072046	Petroglifo do Monte Pelotiña III
GA 15072047	Petroglifo do Monte Pelotiña IV
GA 15072048	Petroglifo do Monte Pelotiña V
GA 15072049	Petroglifo do Monte Pelotiña VI
GA 15072050	Petroglifo do Monte Pelotiña VII
GA 15072051	Petroglifo do Monte Pelotiña VIII
GA 15072052	Petroglifo do Monte Lioira
GA 15072053	Petroglifo do Monte Picoto I
GA 15072054	Petroglifo do Monte Picoto II
GA 15072055	Petroglifo do Monte Picoto III
GA 15072056	Petroglifo do Monte Picoto VI
GA 15072057	Petroglifo do Monte Picoto V
GA 15072058	Petroglifo da Enseada de Leiro
GA 15072059	Petroglifo de Sestelo
GA 15072060	Petroglifo de Isorna I
GA 15072061	Petroglifo de Isorna II
GA 15072062	Petroglifo do Monte Ceán
GA 15072063	Petroglifo do Toural I
GA 15072064	Petroglifo do Toural II
GA 15072065	Petroglifo de Castiñeiriñas
GA 15072066	Mámoa de Monte Picoto II
GA 15072067	Mámoa de Monte Picoto III
GA 15072068	Mámoa de Monte Picoto IV
GA 15072069	Mámoa de Monte Picoto V

GA 15072070	Mámoa de Monte Picoto VI
GA 15072071	Mámoa de Monte Picoto VII
GA 15072072	Mámoa de Monte Picoto VIII
GA 15072073	Mámoa de Monte Picoto IX
GA 15072074	Mámoa dos Campiños III
GA 15072075	Mámoa dos Campiños IV
GA 15072076	Mámoa dos Campiños V
GA 15072077	Mámoa dos Campiños VI
GA 15072078	Mámoa dos Campiños VII
GA 15072079	Mámoa dos Campiños VIII
GA 15072080	Mámoa dos Campiños IX
GA 15072081	Mámoa da Vacariza II
GA 15072082	Mámoa da Vacariza III
GA 15072083	Mámoa da Vacariza IV
GA 15072084	Mámoa da Vacariza V
GA 15072085	Mámoa do Monte da Pena III
GA 15072086	Mámoa do Monte da Pena IV
GA 15072087	Petroglifo de Monte Picoto VI
GA 15072088	Petroglifo da Devesa de Rianxiño II
GA 15072089	Petroglifo do Rego do Floxo
GA 15072090	Petroglifo de Monte Pedride
GA 15072091	Petroglifo dos Pozos
GA 15072092	Mámoa de Monte Picoto X
GA 15072093	Mámoa do Monte da Pena V
GA 15072094	Mámoa do Monte da Pena VI
GA 15072095	Mámoa do Monte da Pena VII
GA 15072096	Mámoa do Monte da Pena VIII
GA 15072097	Mámoa do Monte da Pena IX
GA 15072098	Petroglifo de Abuín IV (2)
GA 15072099	Mámoa do Monte Cabanas I
GA 15072100	Mámoa do Monte Cabanas II
GA 15072101	Mámoa da Vacariza VI
GA 15072102	Petroglifo de Rianxiño I
GA 15072103	Petroglifo de Rianxiño II
GA 15072104	Petroglifo dos Campos XIII
GA 15072105	Punta do Pazo / Castelo da Lúa
GA 15072106	Petroglifos do Monte Picoto VII
GA 15072107	Petroglifo de Quintáns
GA 15072108	Petroglifo de Quintáns II
GA 15072109	Petroglifo do Pazo de Rianxiño
GA 15072110	Petroglifo de Os Campos XIV
GA 15072111	Petroglifos de Os Campos XV
GA 15072112	Petroglifo de Os Campos. Alto do Corniño II
GA 15072113	Petroglifo de Brión IV
GA 15072114	Petroglifo de Brión V
GA 15072115	Petroglifos de Isorna III

GA 15072116	Mámoa de Abuín
GA 15072117	Petroglifos do Monte Cabanas
GA 15072118	Petroglifo da enseada de Leiro II
GA 15072119	Petroglifos de Rial II
GA 15072120	Petroglifos de Insua II
GA 15072121	Petroglifos do Monte Pelotiña I-8
GA 15072122	Petroglifos do Monte Pelotiña I-9
GA 15072123	Petroglifos do Monte Pelotiña I-10
GA 15072124	Casco Antigo de Rianxo
GA 15072125	Outeiro da Curuxa
GA 15072126	Castro do Pelotiño
GA-A-15072001	Estela de Doirau/Lauda de Araño
GA-A-15072002	Depósito de Leiro ¹
GA-A-15072003	Casco de Leiro ¹

Na prospección arqueolóxica do ano 2001 lístanse ademais os seguintes elementos que carecen de ficha individualizada:

GA-A-15072004	Ánforas do río Ulla
GA-A-15072005	Espada de Isorna, Isorna
GA-A-15072006	Ánforas de Araño, Araño
GA15072TOP001	Punta e enseada Seveira, Leiro
GA15072TOP002	Praia do Pazo do Castelo, Taragoña
GA15072TOP003	Punta Castro, Rianxo
GA15072TOP004	A Mámoa, Asados
GA15072TOP005	Praia e punta da Torre, Taragoña
GA15072TOP006	A Muralla/Castro de Campelo, Araño
GA15072TOP007	O Castriño, Araño
GA15072TOP008	O Castriño Vello, Araño
GA15072REF001	A Marquesa, Asados

2. ARQUITECTURA RELIXIOSA: Os conxuntos parroquiais, capelas e ermidas son xunto, coa Igrexa Parroquial de Santa Comba de Rianxo (s.XV), situada no centro da Vila xunto á antiga Torre dos Chariño (hoxe substituída polo Pazo de Martelo), os elementos que configuran o patrimonio arquitectónico eclesiástico do municipio. Entre as igrexas parroquiais destacan a de Santa María de Leiro, no núcleo de A Igrexa, que data dos séculos XII-XIII, e as de Santa María de Asados e Santa María de Isorna, construídas entre os séculos XVII e XVIII.

¹ Estes elementos presentan erro na súa denominación na ficha correspondente da prospección que se incorpora ao Catálogo do Plan. O elemento GA-A-15072002 non ten plano de situación nin área de cautela delimitada na súa ficha da prospección, e as coordenadas UTM non son correctas, polo que non é posible a súa localización en plano.

A Capela da Virxe de Guadalupe, situada na Praza do Campo de Rianxo, é unha das capelas máis antigas do concello, contraída no s. XII sobre os restos dunha edificación anterior.

En total inventaríanse 6 igrexas parroquiais, 6 capelas, 4 ermidas e 5 casas rectorais. Indicar que os elementos están incluídos na relación facilitada pola Consellería de Cultura e Turismo en xuño de 2010.

- A-1 Igrexa Parroquial de Santa Baia de Araño
- A-2 Capela dos Calote
- A-3 Ermida de San Xoán da Badía
- A-4 Ermida dos Milagres
- A-5 Casa Reitoral de Traba
- A-6 Igrexa Parroquial de Santa María de Asados
- A-7 Ermida de A Santa Lucía
- A-8 Ermida de San Pedro
- A-9 Casa Reitoral de Asadelos
- A-10 Igrexa Parroquial de Santa María de Isorna
- A-11 Casa Reitoral de Sestelo
- A-12 Igrexa Parroquial de Santa María de Leiro
- A-13 Capela da Nosa Señora dos Desamparados
- A-14 Casa Reitoral de A Igrexa
- A-15 Igrexa Parroquial de Santa Comba de Rianxo
- A-16 Capela de San Bartolomé
- A-17 Capela de San Xosé Floresta
- A-18 Capela da Virxe de Guadalupe
- A-19 Igrexa Parroquial de San Salvador de Taragoña
- A-20 Capela de San Xoán Bautista de Boa Vista
- A-21 Casa Reitoral de A Igrexa

3. ARQUITECTURA CIVIL: A arquitectura civil está representada por numerosos edificios con valores arquitectónicos e históricos, entre os que destacan o Pazo de Asadelos, o Pazo de Brión e o Pazo dos Calote, o conxunto de casas en A Vacariza, e as casas reitorais de Traba, de Asadelos e Taragoña, xa incluídas na arquitectura relixiosa.

Na vila destacan por unha parte edificacións do casco histórico como o Pazo de Martelo, cunha declaración de BIC que data do 08.03.1973 e O Cuartel Vello, e por outra, a casa familiar de Afonso Daniel Rodríguez Castelao (declarada BIC no 2007), e as casas natais dos escritores Rafael Dieste e Manuel Antonio. Tamén se inclúen no listado as

rúas de Arriba, de Abaixo e do Medio, que conforman os tres eixos principais da estrutura viaria de orixe.

No núcleo de Rianxiño, atópase o Pazo dos Viturro, edificación que data dos séculos XVII e XVIII.

A arquitectura popular de Rianxo destaca pola súa funcionalidade e boa integración na paisaxe. As casas adoitan ter dous andares con corredores no andar superior e construcións auxiliares apegadas. O seu núcleo principal é xeralmente de planta rectangular e muros de cachotaría de granito con cuberta de tella a dúas augas.

Os elementos inventariados enuméranse a continuación:

- B-1 Casa con hórreo
- B-2 Casa con virxe fronte á capela dos Calote
- B-3 Casa do Souto de Castela
- B-4 Casa con corredor
- B-5 Casa en Os Xens
- B-6 Escola de O Vilar
- B-7 Conxunto de vivendas en As Miráns
- B-8 Pazo dos Calote
- B-9 Casa do parque dos patricios
- B-10 Casa
- B-11 Casa xunto ao cruceiro
- B-12 Pazo de Asadelos
- B-13 Casa de Lagarteiro
- B-14 Casa da República. Centro Faustino Rey Romero
- B-15 Casa nº 72 con reloxo de sol
- B-16 Casa na praza
- B-17 Conxunto de casas en A Vacariza
- B-18 Serraría de José Ribeira en Agro de Telleira
- B-19 Casa de Gran de Mean Pinal
- B-20 Casa
- B-21 Casa escola Vicente Vidal
- B-22 Casas de Bouza (Casas de Torres)
- B-23 Pazo de Brión
- B-24 Castelo da Lúa
- B-25 Casa nº 94 con escudo en Fincheira
- B-26 Casa de San Xosé
- B-27 Pazo dos Viturro

- B-28 Casa de Baltar en Tanxil
- B-29 Casa do Coxo (Museo do Mar)
- B-30 Cuartel Vello
- B-31 Casa do Concello
- B-32 Casa de Manuel Antonio
- B-33 Casa de Rafael Dieste
- B-34 Casa de Castelao
- B-35 Casa no Paseo de Ribeira nº 46
- B-36 Casa con escudo na Rúa de Abaixo nº 31 (Casa de Tarabelo)
- B-37 Casa con escudo na Rúa de Abaixo nº 38
- B-38 Casa na Rúa de Abaixo nº 40
- B-39 Casas na Rúa do Medio nº 2-4-6-8-10
- B-40 Casa da Praza do Campo nº 42
- B-41 Casas na Rúa de Arriba nº 19 a 21 (Casas de Remo)
- B-42 Casa do Señor Valente
- B-43 Casa de Lalayo
- B-44 Casa na Rúa do Hospital nº 2
- B-45 Casa de Encarnita no Paseo da Ribeira
- B-46 Casa no Paseo da Ribeira nº 45 e colindante
- B-47 Casas na Praza Rafael Dieste nº 9-10-11
- B-48 Rúa de Abaixo
- B-49 Casa dos Cambreiros
- B-50 Casa na praza da Fonte nº 11
- B-51 Casa de Adelaida ou dos Arango
- B-52 Casa con escudo no Paseo da Ribeira (Casa de Telmo)
- B-53 Casa na Rúa Paio Gómez Charino nº 14
- B-54 Casa dos Alcántara
- B-55 Casa con escudo na Rúa Cabo da Vila nº 14
- B-56 Casa natal de Castelao
- B-57 Casas na Rúa Cabo da Vila nº 6-8-10
- B-58 Casa na estrada de Tanxil nº 2
- B-59 Cofradía de pescadores
- B-60 Rúa do Medio
- B-61 Rúa de Arriba
- B-62 Pazo de Martelo
- B-63 A Praciña
- B-64 Praza da Fonte
- B-65 Praza de Rafael Dieste (Praza da Igrexa)
- B-66 Praza do Campo
- B-67 Porta de arco tras a Casa do Campo (Antigo Xulgado)

- B-68 Portalón con virxe tras a Casa do Concello
- B-69 Casa da cervexería Memphis na Praza Rafael Dieste
- B-70 Casas con finca en A Mámoa
- B-71 Casa con finca en Somoza
- B-72 Casa con finca en Isorna
- B-73 Casa con finca en Sestelo

4. CONXUNTOS DE ARQUITECTURA:

- CH-1 Casco Histórico da Vila de Rianxo
- CH-2 Casco Histórico do núcleo de Rianxiño

5. CRUCEIROS E PETOS DE ÁNIMAS: Representan un tesouro artístico mostra dunha tradición popular de séculos. Sitúanse xeralmente nas encrucilladas, adros e cemiterios e a súa orixe semella estar entre os séculos XIV e XVI, máis os de arte realmente popular son os barrocos, construídos a partir do século XVII.

No concello de Rianxo hai numerosos cruceiros, con diversas tipoloxías, destacando os de capeliña e as cruces na beira do Río Ulla, que xunto cos do Concello de Catoira, conforman un viacrucis único en Galicia. En xeral atópanse en bo estado de conservación.

- C-1 Cruceiro (roto) de A Capela
- C-2 Cruceiro de Abuín
- C-3 Cruceiro de Agrelo
- C-4 Cruceiro de ánimas Burreiras
- C-5 Cruceiro de capeliña do Campo da Ponte
- C-6 Cruceiro de capeliña de Traba
- C-7 Cruceiro de capeliña de Souto
- C-8 Cruceiro de Cerqueiras
- C-9 Cruceiro de Cuntín
- C-10 Cruceiro de María Dis
- C-11 Cruceiro de Traba
- C-12 Cruceiro de O Rabado
- C-13 Cruceiro de Os Xufreus
- C-14 Cruceiro de Outeiro
- C-15 Cruceiro de San Xoán
- C-16 Cruceiro de Vistas
- C-17 Cruceiro dos Barrudos

- C-18 Cruceiro dos Calote
- C-19 Cruceiro de Os Lemos
- C-20 Cruz con Cristo de As Miráns
- C-21 Viacrucis no adro da Igrexa Parroquial
- C-22 Virxe (particular)
- C-23 Cruceiro de A Marquesa
- C-24 Cruceiro da Coviña
- C-25 Cruceiro de A Mámoa
- C-26 Cruceiro de A Santa Lucía
- C-27 Cruceiro I de Burés
- C-28 Cruceiro II de Burés
- C-29 Cruceiro de Lustres
- C-30 Cruceiro de Pilatos.
- C-31 Cruceiro de Rial
- C-32 Cruceiro de Veiga
- C-33 Cruceiro do adro da Igrexa Parroquial
- C-34 Cruceiro novo de Asadelos
- C-35 Cruceiro vello de Asadelos
- C-36 Cruz I no adro da Igrexa Parroquial
- C-37 Cruz II no adro da Igrexa Parroquial
- C-38 Cruz con Cristo de Viña de Abaixo (particular)
- C-39 Cruz de O Batán (particular)
- C-40 Cruz de Somoza
- C-41 Cruz do Rei
- C-42 Cruz trala Igrexa Parroquial
- C-43 Calvario das trece cruces en A Braña
- C-44 Cruceiro da Cortiña Vella
- C-45 Cruceiro da Lagarteira
- C-46 Cruceiro da Praza
- C-47 Cruceiro da Rocha
- C-48 Cruceiro de Agro de Telleira
- C-49 Cruceiro de capeliña de Ferreiro
- C-50 Cruceiro de Gómez
- C-51 Cruceiro de J. Gómez
- C-52 Cruceiro do Cabo
- C-53 Cruceiro do Costado
- C-54 Cruceiro dos Rivela
- C-55 Cruceiro Vello de capeliña de A Vacariza
- C-56 Cruz do Parque
- C-57 Cruz na Casa da República

- C-58 Viacrucis no adro da Igrexa Parroquial
- C-59 Cruceiro de capeliña da Fonte
- C-60 Cruceiro da aldea
- C-61 Cruceiro da aldea maldita
- C-62 Cruceiro da Regalada
- C-63 Cruceiro de capeliña da Veiga
- C-64 Cruceiro de capeliña de Or
- C-65 Cruceiro de Montiño
- C-66 Cruceiro de Pantel
- C-67 Cruceiro de Rial
- C-68 Cruceiro de Veliña
- C-69 Cruceiro do Calvario
- C-70 Cruceiro do Cemiterio
- C-71 Cruceiro do Cura
- C-72 Cruceiro dos Zapateiros
- C-73 Cruz da reitoral
- C-74 Cruz de A Igrexa
- C-75 Viacrucis do muro do adro da Igrexa Parroquial
- C-76 Viacrucis do Calvario
- C-77 Cruceiro da Agra de Boreiros
- C-78 Cruceiro de O Bosque
- C-79 Cruz de O Pazo
- C-80 Cruceiro da Fonte
- C-81 Cruceiro de Rianxiño
- C-82 Cruceiro da Funcheira
- C-83 Cruceiro no adro da capela de San Bartolomé
- C-84 Cruceiro do cemiterio
- C-85 Virxe da Guadalupe de Asorey en Tanxil
- C-86 Cruceiro de Cubeliña (Cruceiro da Praza)
- C-87 Cruceiro vello (Cruceiro da Praciña)
- C-88 Cruceiro da Cubeliña
- C-89 Cruceiro das Barreiras
- C-90 Cruceiro das Brañas
- C-91 Cruceiro de Barreira
- C-92 Cruceiro de Campo
- C-93 Cruceiro de capeliña das Neves de Iñobre
- C-94 Cruceiro de capeliña das Neves de Ourolo
- C-95 Cruceiro de capeliña de Outeiro
- C-96 Cruceiro de capeliña de A Laxe Pequena
- C-97 Cruceiro de capeliña de Vilariños

- C-98 Cruceiro de Cartomil
- C-99 Cruceiro de Fachán
- C-100 Cruceiro de Monte Pinal
- C-101 Cruceiro de Moroso (particular)
- C-102 Cruceiro de Ourolo
- C-103 Cruceiro de Outeiro
- C-104 Cruceiro de Rivas (particular)
- C-105 Cruceiro do adro da Igrexa Parroquial
- C-106 Cruceiro do Rego do Cacheiro
- C-107 Cruceiro dos Carballiños (restos base)
- C-108 Cruceiro dos de Rego (particular)
- C-109 Cruceiro e peto de ánimas da Revolta
- C-110 Cruceiro e peto de ánimas de Souto
- C-111 Cruz sobre portalón
- C-112 Cruz do Cemiterio
- C-113 Cruz do Viacrucis camiño do Calvario
- C-114 Peto de ánimas
- C-115 Cruceiro da Fonte
- C-116 Conxunto escultórico das Neves
- C-117 Cruz en muro en Foxacos

Patrimonio etnográfico

O Termo municipal presenta un rico patrimonio etnográfico relacionado coa dispersión do hábitat e coas necesidades de transformación e conservación das grandes producións agrícolas.

A presenza do sistema hídrico no territorio, tradúcese tamén nun conxunto rico de arquitecturas da auga: muíños, fontes, lavadoiros,...

Establécese a división dos elementos catalogados como patrimonio etnográfico en cinco grandes grupos: Hórreos, Fontes e lavadoiros, Muíños, Pombais e Pontes e Outros.

Os elementos inventariados enuméranse a continuación:

6. HÓRREOS E CABACEIROS: Catalóganse con carácter xeral os hórreos e canastros, que son Ben de Interese Cultural nas condicións establecidas no Decreto 449, de 22 de febreiro de 1973.

H-1 Hórreo da Casa Reitoral de Traba (O Araño, Sta. Baia)

- H-2 Hórreos de O Vilar (O Araño, Sta. Baia)
- H-3 Hórreos de O Rabado (O Araño, Sta. Baia)
- H-4 Hórreo da casa (Asados, Sta. María)
- H-5 Hórreo do Agro Novo (Asados, Sta. María)
- H-6 Hórreo da Casa Reitoral de Sestelo (Isorna, Sta. María)
- H-7 Hórreo de Cons (Isorna, Sta. María)
- H-8 Hórreos de A Vacariza (Isorna, Sta. María)
- H-9 Hórreo da Lagarteira (Isorna, Sta. María)
- H-10 Hórreo da Casa Reitoral de A Igrexa (Leiro, Sta. María)
- H-11 Hórreo de Brión (Leiro, Sta. María)
- H-12 Hórreo do Pazo (Leiro, Sta. María)
- H-13 Hórreo de Meiquiz (Leiro, Sta. María)
- H-14 Hórreo xunto ao Pombal de Pozo (Leiro, Sta. María)
- H-15 Hórreos de Meiquiz (Leiro, Sta. María)
- H-16 Hórreo do Pazo dos Viturro (Rianxo, Sta. Comba)
- H-17 Hórreo da Casa de Castelao (Rianxo, Sta. Comba)
- H-18 Hórreo da Casa do Coxo (Rianxo, Sta. Comba)
- H-19 Hórreo na Rúa Hospital (Rianxo, Sta. Comba)
- H-20 Hórreo de Súa Braña (Taragoña, S. Salvador)

7. LAVADOIROS E FONTES:

- L-1 Fonte de A Capela (O Araño, Sta. Baia)
- L-2 Fonte de María Dis (O Araño, Sta. Baia)
- L-3 Fonte e lavadouro de O Vilar (O Araño, Sta. Baia)
- L-4 Fonte e lavadouro de Os Xufreus (O Araño, Sta. Baia)
- L-5 Lavadouro de Buía (O Araño, Sta. Baia)
- L-6 Fonte de A Marquesa (Asados, Sta. María)
- L-7 Fonte de Burés (Asados, Sta. María)
- L-8 Fonte do Muíño (Asados, Sta. María)
- L-9 Fonte lavadouro de Suigrex (Asados, Sta. María)
- L-10 Fonte no Fondo da Vila (Asados, Sta. María)
- L-11 Fonte de O Laxido (Asados, Sta. María)
- L-12 Lavadouro do cruceiro do Rial (Asados, Sta. María)
- L-13 Lavadouro de Salgueiriños (Isorna, Sta. María)
- L-14 Fonte da Lagarteira (Isorna, Sta. María)
- L-15 Fonte de Cons (Isorna, Sta. María)
- L-16 Fonte de Fonteiña (Isorna, Sta. María)
- L-17 Fonte do parque (Isorna, Sta. María)
- L-18 Fonte e Lavadouro de Rego do Bacelo (Isorna, Sta. María)

- L-19 Lavadoiro do parque (Isorna, Sta. María)
- L-20 Lavadoiro de Sestelo (Isorna, Sta. María)
- L-21 Fonte de Abuín (Leiro, Sta. María)
- L-22 Fonte de Brión (Leiro, Sta. María)
- L-23 Fonte e lavadoiro de A Igrexa (Leiro, Sta. María)
- L-24 Fonte de Meiquiz (Leiro, Sta. María)
- L-25 Lavadoiro de Rial (Leiro, Sta. María)
- L-26 Fonte e lavadoiro de Rianxiño (Rianxo, Sta. Comba)
- L-27 Lavadoiro de O Pazo (Rianxo, Sta. Comba)
- L-28 Fonte da praza do Campo (Rianxo, Sta. Comba)
- L-29 Fonte na Praza da Fonte (Rianxo, Sta. Comba)
- L-30 Fonte de Dorna (Taragoña, S. Salvador)
- L-31 Fonte de A Laxe Pequena (Taragoña, S. Salvador)
- L-32 Fonte de Ourolo (Taragoña, S. Salvador)
- L-33 Fonte e lavadoiro de Ourolo (Taragoña, S. Salvador)
- L-34 Fonte e lavadoiro de A Igrexa (Taragoña, S. Salvador)
- L-35 Fonte de Paradela (Taragoña, S. Salvador)
- L-36 Lavadoiro de Pastoriza (Taragoña, S. Salvador)
- L-37 Fonte en A Revolta (Asados, Sta. María)
- L-38 Fonte e lavadoiro de A Vacariza (Isorna, Sta. María)
- L-39 Fonte e lavadoiro de Barral (Rianxo, Sta. Comba)
- L-40 Fonte e Lavadoiro de Rial (Leiro, Sta. María)

8. MUÍÑOS:

- M-1 Muíño de As Miráns (O Araño, Sta. Baia)
- M-2 Muíño de O Vilar (O Araño, Sta. Baia)
- M-3 Muíño de Ponte Abeixón (O Araño, Sta. Baia)
- M-4 Muíño de Quintáns (O Araño, Sta. Baia)
- M-5 Muíño de Tarrano (O Araño, Sta. Baia)
- M-6 Muíño de A Ermida (O Araño, Sta. Baia)
- M-7 Muíño de A Marquesa (Asados, Sta. María)
- M-8 Muíño de Batán (Asados, Sta. María)
- M-9 Muíño de Burés (Asados, Sta. María)
- M-10 Muíño de Cortiña Vella (Isorna, Sta. María)
- M-11 Muíño da Lagarteira (Isorna, Sta. María)
- M-12 Muíño de Cons (Isorna, Sta. María)
- M-13 Muíño de Salgueiriños (Isorna, Sta. María)
- M-14 Muíño do rego de Bacelo (Isorna, Sta. María)
- M-15 Muíño de Lodeiros (Leiro, Sta. María)

- M-16 Muíño de A Igrexa (Leiro, Sta. María)
- M-17 Muíño de A Laxe Pequena (Taragoña, S. Salvador)
- M-18 Muíño de Ourolo (Taragoña, S. Salvador)
- M-19 Muíño de Pastoriza (Taragoña, S. Salvador)
- M-20 Muíño de Monte de Dorna (Taragoña, S. Salvador)
- M-21 Muíño en Sestelo (Isorna, Sta. María)
- M-22 Conxunto de Muíño, Fonte, Lavadoiro e Pasar (Asados, Sta. María)
- M-23 Muíño en A Castiñeiriña (Asados, Sta. María)
- M-24 Muíño en A Devesa (Asados, Sta. María)

9. PONTES E OUTROS:

- O-1 Ponte sobre o río Té (O Araño, Sta. Baia)
- O-2 Ponte xunto ao Muíño de Lodeiros (Leiro, Sta. María)
- O-3 Reloxo de sol no adro da Igrexa Parroquial (O Araño, Sta. Baia)
- O-4 Panteón no Cemiterio (Leiro, Sta. María)
- O-5 Palco de música (Asados, Sta. María)
- O-6 Parque de Isorna (Isorna, Sta. María)
- O-7 Telleira de Quintáns (Isorna, Sta. María)

10. POMBAIS:

- P-1 Pombal de Castriño (O Araño, Sta. Baia)
- P-2 Pombal de Ponte Abeixón (O Araño, Sta. Baia)
- P-3 Pombal de A Capela (O Araño, Sta. Baia)
- P-4 Pombal de Agro de Páramo (Asados, Sta. María)
- P-5 Pombal de Asadelos (Asados, Sta. María)
- P-6 Pombal de Suigrexo (Asados, Sta. María)
- P-7 Pombal de Viña de Abaixo (Asados, Sta. María)
- P-8 Pombal de A Mámoa (Asados, Sta. María)
- P-9 Pombal de O Laxido (Asados, Sta. María)
- P-10 Pombal de Somoza (Asados, Sta. María)
- P-11 Pombal de Sestelo (Isorna, Sta. María)
- P-12 Pombal de Isorna (Isorna, Sta. María)
- P-13 Pombal de A Vacariza (Isorna, Sta. María)
- P-14 Pombal de Brión (Leiro, Sta. María)
- P-15 Pombal de Graviños (Leiro, Sta. María)
- P-16 Pombal de Pozo (Leiro, Sta. María)
- P-17 Pombal de Agro dos Muíños (Taragoña, S. Salvador)
- P-18 Pombal de Iñobre (Taragoña, S. Salvador)

- P-19 Pombal de Corques (Taragoña, S. Salvador)
- P-20 Pombal de Fonte Susán (Taragoña, S. Salvador)
- P-21 Pombal de Monte de Dorna (Taragoña, S. Salvador)
- P-22 Pombal en Chorente (Taragoña, S. Salvador)
- P-23 Pombal en Sestelo (Isorna, Sta. María)

A continuación reproducése o ficheiro individualizado de catálogo. En cada unha das fichas recóllese: datos do ben (denominación, código de identificación, localización con topónimo e parroquia e coordenadas UTM do centro do ben, descrición detallada do ben, con todos os datos coñecidos sobre data, tipoloxía e características, descrición do contorno e relación con outros elementos catalogados e descrición do estado actual).

No apartado de cualificación recóllese a cualificación que afectan ao ben, coas seguintes categorías:

- SU Solo urbano.
- SNR Solo de núcleo rural.
- SUBLE Solo urbanizable.
- SRPO Solo rústico de protección Ordinaria.
- SREPP Solo rústico especial protección patrimonial.
- SREPA Solo rústico especial protección agropecuaria.
- SREPF Solo rústico especial protección forestal.
- SREPAU Solo rústico especial protección das augas.
- SREPI Solo rústico especial protección das infraestruturas.
- SREPPX Solo rústico especial protección paisaxística.
- SREPEN Solo rústico especial protección de espazos naturais.
- SREPC Solo rústico especial protección de costas.
- S.X. PORTO Sistema Xeral portuario.

A ordenanza de referencia no solo urbano e no solo de núcleo rural reflíctese no plano de ordenación incluído na ficha.

Para os elementos arqueolóxicos descríbese tamén a cualificación correspondente ao contorno de respecto identificado en planos.

No referente ao réxime de protección do ben inclúese a referencia a ben inventariado ou declarado BIC, a Norma en virtude do cal se cataloga o elemento, o grao de protección asignado remitíndose os usos e as determinacións para a conservación do ben aos artigos 65, 66, 136 e 137 da Normativa Urbanística.

Complétase a ficha con fotografías recentes do ben e dous planos á mesma escala (escala 1/7.000 para os elementos de arqueoloxía sobre base 1/5.000 e escala 1/2.000 para os elementos do patrimonio cultural sobre base 1/5.000 ou 1/2.000 segundo corresponda) que reflicten o recorte do plano de ordenación e o ámbito da parcela ou conxunto catalogado para o caso de arquitectura civil e relixiosa.

2. FICHEIRO CATÁLOGO

